

Reunido o xurado do VIII Certame de Matmonólogos da XI Feira Matemática 2017, formado por:

Presidente: Dna. M^a Cristina Naya Riveiro, Profesora de Didáctica da Matemática, Universidade da Coruña.

Dna. Carmen Peñamaría Ramón. Profesora de Secundaria.

Secretaria: Dna. Sandra Sambade Nieto, Profesora de Matemáticas. IES Monte da Vila, O Grove.

Decidiu outorgar os seguintes premios:

Categoría: Educación Primaria e primeiro ciclo da ESO

“Son un cateto”

Autor: **Miguel Blanco Mouzo**, alumno de .º curso de E.S.O. do **CPI As**

Revoltas.

Categoría: Segundo ciclo da ESO e Bacharelato

“Gonzalo dixo...”

Autor: **Marcos Blanco Mouzo**, alumno de 4º curso de E.S.O. do **CPI As**

Revoltas.

Categoría: Obra máis votada na web


“El infinito”

Autora: **Carmen Sánchez Rodríguez**, alumna de 2º curso de E.S.O. do **IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)**.

Dna. M^a Cristina Naya Riveiro

En A Coruña, a 22 de abril de 2017

Dna. Sandra Sambade Nieto



“Son un cateto” (Miguel Blanco Mouzo)

Ola, boas tardes. Eu son un cateto. Non, non empecen a preocuparse por min, non teño a autoestima baixa nin nada diso, son un lado dos pequenos dun triángulo rectángulo. Antes eu só era un segmento, media unha única unidade e sigo medindo o mesmo, non che son moi grande. Despois uníme a unha recta (ser, era un segmento coma min, pero tiña máis aires de grandeza), a “recta” e máis eu formábamos un ángulo de 30° , como era máis longa ca min menosprezábame e dou en chamarme “Cateto menor”. A nosa relación nos ía afastando e chegamos a formar un ángulo de 40° . O plan da “recta” era que cando chegásemos aos 90° buscásemos un segmento de e formásemos un triángulo con el, dicía que entón ela se chamaría Cateto maior. A min paréceme que está tola, que é iso de raíz de cinco?, dous ao cadrado é catro, tres ao cadrado é nove, quen demo ao cadrado é cinco?

Pouco tempo despois coñecín a un pequeno segmento que era antes o terzo central dun triángulo equilátero, disque o arrebatara do seu triángulo un tal Koch. Medía exactamente o mesmo ca min e convencino para que formase un triángulo con nós, agora somos un fermoso triángulo rectángulo, exactamente medio cadrado. A miña pouco amiga “recta” chámase agora Hipotenusa, non atende moito a razóns, pero a ninguén lle estraña porque disque é irracional.

Puxemos por fin remate ás nosas disputas de tamaño. O meu amigo Cateto e máis eu demostramos a Hipotenusa que xuntos éramos máis grandes ca ela, pero que a concordia podía reinar entre nós se observábamos que $12 + 12 = .$ O teorema de Pitágoras permitiu que vivísemos en paz.


“Gonzalo dixo...” (Marcos Blanco Mouzo)

Boas tardes a todos. Eu son xa veterano neste dos monólogos da feira matemática, na última edición gañei versionando un villancico de David Guapo. Agora xa estou en 4º de ESO e preparei este monólogo o último día do prazo cando me din conta de que volvía o Mateblog, a miña primeira idea foi aproveitar a trigonometría e falar da turxencia dos senos e cousas polo estilo, máis recordei a Gonzalo dicindo que non son horas e hai cativos. Collamos pola tanxente e cambiemos de tema.

Os catetos dos triángulos tamén dan xogo, pero acaba de usalos meu irmán, sí, sí, ese retaco de antes era meu irmán, leva vindo á feira desde os dous anos, e nin sequera lle gustan as mates!

Coa álgebra non hai quen ligue un chiste, como moito contarvos que Ruffini en 1799 fixo a súa “Teoria Generale delle Equazioni, in cui si dimostra impossibile la





soluzione algebraica delle equazioni generali di grado superiore al quarto” o cal non ten ningunha graza salvo o meu pésimo italiano. As parábolas do cole non son do bo samaritano, do fillo pródigo nin nada especialmente emocionante, sonche curvas que describen os cometas; eu de neno tiña unha cometa e nunca tal cousa fixo.

Función afín, función de proporcionalidade, rectas no plano, regra de tres, factor de conversión, directamente proporcional... os profes que estades por aquí... credes que por cambiarlle o nome non vemos que dades tódolos anos o mesmo?

Vamos coa xeometría, unha poligonera non é unha señora que fai polígonos, perdón Gonzalo dixo... Máis queixas, aos que imos para 1º non nos ensinades a integrar, facédelo cos de 2º que xa están integrados. Sen embargo a nós ensinádesnos a derivar cando é a eles aos que tedes que derivar á Universidade.

Estatística para rematar: Os frikis din que a mediana é a muller de Frodo, unha media na cabeza vouna ter que poñer para saír daqui e a moda é non ligar cos rapaces que sabemos mates. A desviación típica dos presentadores de Tele 5... perdón Gonzalo dixo...

“El infinito” (Carmen Sánchez Rodríguez)

No es que sea tremendamente gigante, sino que es interminable. Los científicos se pasan meses y años de su vida intentando averiguar. ¿Dónde? Donde acaba el universo. Pero hasta ahora solo nos han conseguido decir que es tremendamente gigante; pero no es así, es mil veces más interminable. El infinito es la idea de que algo no termine.

El infinito no está creciendo porque ya está formado. Pero, en realidad, lo que más nos duele admitir es que el infinito no es un número real. La frase "te quiero infinito" no expresa correctamente la cantidad que quieres a alguien, ya que el infinito no se puede medir. Las galaxias lejanas no pueden ni imaginarse lo que de verdad es el infinito.

La verdad es que es más sencillo que muchas cosas que tienen un fin, pues hay que definir dónde está dicho fin.

Resumiendo, el infinito es incalculable y, en mi opinión, jamás se descubrirá la cantidad que representa. Creo que es curioso que exista algo que no tiene un fin. En la tierra la mayoría de las cosas tienen un fin, incluso cantidades enormes como diez elevado a diez elevado a su vez a diez tiene un fin. En cambio, el universo, es la prueba más conocida de que el infinito es real e incalculable.

